

Suxestión dirixida ao Concello de Marín no sentido de asegurarse que a información que se transmite á cidadanía cumpre os requisitos de claridade, concisión e precisión

Expediente: L.4.Q/6931/21

Señora Alcaldesa

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente a un pago con recargo das clases da Escola Municipal de Música

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que

“Mi hija de 5 años se matriculó en Octubre del 2020, hicimos todos los pagos que requerían, en Diciembre-Enero 21 estuvo más de un mes sin asistir a clase ya que su profesora estaba de baja(no pusieron sustituto) en Febrero yo me queje en Recaudación (...)

(..) desde allí me dijeron que me llamaría la concejala y hablaría conmigo para buscar solución(quedando ese pago a la espera de la solución que me diera la concejala en su llamada

(...) y más tarde me llega un recibo con un plus" por no haber pagado en el plazo correspondiente. Llamo a recaudación y el [REDACTED] tiene constancia de lo que me dijera pero que lo sentía y la concejala dice que hay que pagar ese recargo ...

Nunca me llegó a llamar, estuve a la espera de alguna respuesta y al final el resultado fue que la niña perdió más de un mes de clases, tuve que pagar todos los trimestres y con recargo uno de ellos..”

Ante iso requirimos informe ao Concello que xa nola remitiu. No informe – emitido polo Director da escola de Música- indícase que a alumna *perdeu dúas clases en decembro (días 14 e 21) e unha en xaneiro (día 11) pola falta de profesora sustituta.*

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

- É certo que, según nos indica o Informe do Concello, a alumna só perdeu tres clases pola baixa médica da súa profesora e falta de substituta. Pero tamén é certo que, como tamén se indica no Informe, dado que o 7 de decembro foi non lectivo, os días 14 e 21 non tiveron clase, despois viñeron as vacacións de Nadal e o día 11 de xaneiro tampouco tiveron profesora, entre o 30 de novembro e o 18 de xaneiro non volveron a ter clase.
- O prezo, para os veciños e veciñas, da Escola Municipal de Música de Marín, nas ensinanzas de iniciación (que corresponderían á idade da alumna) é de aproximadamente 6 € ao mes.
- Según se recolle do relato da interesada, a súa queixa sinala a confusión na información recibida, que tivo como consecuencia o ter que afrontar o pago con recargo. A queixante di que non pagou porque así se lle dixo e o Concello non desminte este extremo no seu informe.
- A transparencia da Administración, na súa relación coa cidadanía, tal e como recolle o Defensor del Pueblo, é algo máis que transmitir información. A información debida deber ser, ademais, clara, precisa e comprensible. Segun relata a interesada e, como decimos no punto anterior, sin que fora desmentido polo informe municipal- neste caso non recibiu información eficaz respecto a obriga de pagar con independencia da reclamación que poidera facer.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar a o Concello de Marín a seguinte **suxestión**

- ***Asegurar que a información que se transmite cumpre os requisitos obrigados polo principio do Bo Goberno: claridade, concisión e precisión***

- ***Comprobar si se lle deu á interesada toda a información correcta e, caso de non ter sido así, revisar a Resolución na que se lle impón o recargo de 6 € e reintegrando o importe do mesmo.***

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo